

LABORA'S REPLAY

Nestes días, con moita presa, porque hai que facer os contratos antes de que remate o ano, distintas comisións están a seleccionar o persoal do 2º Programa Labora tras asinar a Universidade de Vigo un novo acordo coa Consellería de familia.

É inevitable, o inicio deste novo proceso, volver a recordar a falta de planificación que se deu no 1º Programa e as consecuencias que trouxo para os traballadores e traballadoras tanta improvisación. As demandas que daquela fixemos as Seccións Sindicais e o persoal afectado teñen que servir para que, desta vez, as áreas e servicios solicitantes, non repitan os mesmos erros. Como sindicato é a nosa obriga recordar que os traballadores e traballadoras que van a conformar este colectivo teñen dereitos e a súa non inclusión no Convenio vixente non quita que non poidan ter as mesmas vantaxes laborais que temos o persoal encadrado nas relacións de postos de traballo. É oportuno sinalar tamén que a relación deste persoal coa universidade ten un carácter formativo, pois, o que se está a procurar é a súa posterior inserción no mercado laboral, polo tanto, o traballo que desenvolvan ter que estar dirixido cara a este obxectivo. Así mesmo, a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora e asinante dun acordo, ten a obriga de facer cumprir as condicións económicas e laborais pactadas e, ao mesmo tempo, responsabilizarse das condicións laborais nas que este persoal vai a desempeñar o seu traballo procurando que en todo momento dispoñan do material e das ferramentas precisa para desenvolver as distintas funcións para as que foron contratados.

Os laboras veñen a sumarse ao colectivo de persoal, cada vez máis numeroso, que teñen un contrato laboral precario, malia ocuparse, moitas veces, de asuntos ou tarefas que teñen un carácter estratéxico para a organización. Preocupante plantilla B que sigue a crecer e para a que é preciso negociar un acordo laboral no que se recollan os dereitos e deberes deste numeroso colectivo que non poden ser outros que os temos o resto do persoal.